

PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

**DATOS DO SOLICITANTE OU ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL	APELIDOS	NIF/CIF	DATA NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME/RAZÓN SOCIAL	APELIDOS	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EDIFICIO/VIVENDA UNIFAMILIAR

EXPEDIENTE

<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------

ACTUACIÓN:

IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA:

 €**O SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Coñecer o financiamento, detallado na convocatoria e na orde de concesión, e o custo total subvencionable da actuación solicitada sobre o que se aplica a porcentaxe de axuda.
2. Recoñecer a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións e as obrigacións que implican a aceptación da axuda.
3. Coñecer as datas de execución e xustificación da actuación.
4. Comprometerme (só en caso de realizar unha actividade mercantil) a levar un sistema de contabilidade separado ou asignar un código contable adecuado a todas as transaccións relacionadas con esta axuda.
5. Aceptar, en aplicación do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia «Regulamento do MRR», o rexistro dos meus datos nunha base de datos única determinada polo estado español, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.
6. Aceptar a obrigación de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas ao meu ámbito de xestión e responsabilizarme da NON existencia de dobre financiamento na operación.
7. Coñecer as responsabilidades e obrigacións que debo cumprir en materia de información e comunicación, que figuran no Manual de Imaxe do Programa, dispoñible na web do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (<http://www.mitma.es>) en toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto da axuda, así como cumprir co establecido en medidas de publicidade no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
8. Coñecer que, ao tratarse dun programa de axuda desenvolto no marco do MRR, estou suxeito/a aos controis levados a cabo polos organismos europeos: Comisión Europea, Oficina de Loita contra a Fraude, Tribunal de Contas Europeo e Fiscalía Europea.
9. Coñecer que esta axuda contribuirá ao cumprimento dos obxectivos nacionais nº 27 e 29 establecidos en anexo á Decisión de Execución do Consello, do 16 de xuño de 2021, de aprobación da avaliación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, así como ao obxectivo rexional de compromiso de axudas, fixado no artigo 5 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que me comprometo a participar, facendo uso adecuado dos recursos públicos que se me conceden.
10. Coñecer que estou obrigado/a a conservar os documentos orixinais xustificativos da aplicación dos fondos recibidos de acordo ao disposto no artigo 132 do Regulamento (UE) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e, en particular, que debo manter un rexistro e conservar os documentos orixinais xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de cinco anos (ou de tres anos se o financiamento obtido é dun importe igual ou inferior a 60.000 euros) a partir do pago da actuación.
11. Coñecer que esta axuda enmárcase no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España dentro da Compoñente 2 de impulso das actuacións de rehabilitación e mellora do parque edificatorio en ámbitos urbanos e rurais, investimento CO2.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais» campo de intervención 025bis «Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxecto de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética» do anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro, contribuíndo cunha porcentaxe de achega do 100% aos obxectivos climáticos e cun 40% aos ambientais.

**O SOLICITANTE OU REPRESENTANTE MANIFESTA EXPRESAMENTE:**

Aceptar dita subvención e por tanto acepta as medidas e as condicións obrigatorias que comporta, expostas neste documento e na orde de concesión, ademais das contidas na normativa reguladora da axuda e as disposicións legais vixentes que sexan de aplicación.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

ILMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADAVIA